

DATOS DE INTERESE

HORARIO de VISITAS

Luns a xoves de 8:00 a 14:00h e de 16:00 - 18:00h

Venres de 8:00 a 15:00h

Xuño, Xullo, Agosto: Luns a venres 8:00 a 15:00h

VISITAS GUIADAS

Cita Previa no tel. 986 469 301

MUSEO ANFACO DA INDUSTRIA CONSERVEIRA

Estrada Colexio Universitario nº 16 · 36310 Vigo

Tel: 986 469 301 · Fax: 986 469 269 · Email: museo@anfaco.es · www.anfaco.es



MUSEO ANFACO da Industria Conserveira



MAPA DO MUSEO

MÓDULO 1: UNHA INDUSTRIA PIONEIRA

MÓDULO 2: A ERA DA SARDIÑA

MÓDULO 3: A TECNOLOXÍA DA CONSERVA

MÓDULO 4: PINACOTECA E SALA DE AUDIOVISUAIS

Guía Básica

MÓDULO 1: UNHA INDUSTRIA PIONEIRA

O “MUSEO ANFACO da Industria Conserveira” dispón de material museístico de gran valor histórico e a través da súa contemplación pódese realizar un interesante percorrido pola historia da industria conserveira.

O percorrido do Museo podemos diferenciarlo en cuatro módulos:

A) A ASOCIACIÓN: ORGANIZACIÓN EMPRESARIAL MÁIS ANTIGA DE GALICIA

No ano 1904 crease a **Unión de Fabricantes de Conservas da Ría de Vigo** e en 1918, pasa a denominarse a Unión de Fabricantes de Conservas de Galicia (**UFACO**). Na actualidade denominada **ANFACO-CECOPECA** (Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos-Centro Técnico Nacional de Conservación de Productos de la Pesca).

B) REVISTA INDUSTRIA CONSERVEIRA: 75 ANOS DE TRADICIÓN E VANGARDAS.

A Revista Industria Conserveira, vicedecana da prensa técnica e fundada o 5 de maio de 1934 tras un acordo da Xunta Xeral da Unión de Fabricantes de Conservas (UFACO), constitúese nun importante vehículo transmisor e de pulo para o sector transformador de produtos do mar a través dos seus artigos, entrevistas, reportaxes, etc.

No ano 2009 e con motivo do seu 75 aniversario, resérvase no Museo un espazo para as portadas máis representativas dos artistas plásticos das **vanguardas históricas galegas** como Federico Ribas, Carlos Maside, Manuel Torres, Emilio Riego o Mario González, entre outros.



Portadas Revista Industria Conserveira. Federico Ribas (1936), Riego (1938), Manuel Torres (1939) y boceto de Carlos Maside.

MÓDULO 2: A ERA DA SARDIÑA

A industria conserveira constitúese en Galicia como un auténtico sector industrial a partires da década do 1880 na que a desaparición da sardiña da costa francesa animou ós industriais de aquel país a cooperar cos de Galicia e Portugal na fabricación deste produto. Os industriais galegos emancipáronse cedo da tutela francesa e desprazaron ós seus mentores de moitos mercados. Dende os seus comezos e ata o estalido da Guerra Civil a conserva galega estivo marcada por unha extrema dependencia da sardiña como case única especie enlatada e das exportacións como principal destino do seu produto.

MÓDULO 3: A TECNOLOXÍA DA CONSERVA

A Unión de Fabricantes de Conservas, gracias á madurez e o dinamismo empresarial dos seus industriais, crea en 1949 o **Departamento Técnico e de Investigación** que será o xermolo do actual **Centro Técnico Nacional de Conservación de Productos de la Pesca-CECOPECA**. Sen limitarse exclusivamente ás funcións propias do laboratorio, tamén impulsa actividades de formación para mellorar a cualificación das plantillas e garantiza a competitividade estratéxica en Galicia fomentando a I+D+i.

MÓDULO 4: PINACOTECA E SALA DE AUDIOVISUAIS

Neste módulo da pinacoteca, expóñense as obras finalistas do certame de pintura denominado “O mar e os seus produtos” que organiza anualmente, e dende o ano 2004, ANFACO-CECOPECA.

Por outra banda, na sala de audiovisuais, ten lugar a proxección de vídeos dentro da actividade das visitas guiadas, vídeos de carácter histórico dos anos 1928, 1949, etc. e outros de carácter didáctico, como o do “Proceso de elaboración de conservas de peixes e mariscos”.



Oficina original de la antigua fábrica de la empresa J.R. Curbera



Primer laboratorio del Departamento técnico y de investigación (1949)



Laboratorio actual de Cecopesca

UNIDADES DIDÁCTICAS



Na fundación Anfaco prestamos especial atención ao carácter didáctico do Museo desenvolvendo o material necesario para que os visitantes máis novos dispoñan dunha ferramenta atractiva coa que interactuar e coa que descubrir a realidade dunha industria histórica e vital para a nosa economía.